

# A balada do mestre Manole

Basile Alecsandri

Tradución de Anxo Fernández Ocampo



# Vasile Alecsandri

## A balada do mestre Manole

### (O MOSTEIRO DE ARGEȘ)

introdución e tradución romanés-galego por Anxo Fernández Ocampo

Aínda que o título lexítimo do texto de Alecsandri sexa *O mosteiro de Argeș*, é frecuente referirse a el co nome da *Balada do mestre Manole*, debido ó carácter arquetípico do nome do personaxe principal. Tíramos o orixinal de Alecsandri, Vasile: *Opere. III Poezii populare*. G. Rădulescu-Dulgheru (ed.). Bucarest: Editura Academiei Române, 1978. Respecto da edición de Rădulescu-Dulgheru, quixemos adaptar o texto orixinal ás normas ortográficas en vigor hoxe na lingua romanesa.

A razón da escolla da variante de Alecsandri non obedece á súa suposta superioridade estética, clamada dende cedo polas institucións, senón á especial fortuna e representatividade que adquiriu esta versión, xeradora de novas variantes ó tempo que referencia importante nos estudos literarios.

O texto, en parte grazas ó seu pouso mitolóxico (o relato evoca a historia de Dédalo e de seu fillo Ícaro, condenados a morrer encerrados no labirinto por decisión de Minos), foi empregado dende a súa publicación como base da reflexión filosófica, literaria e antropolóxica. Servíulle a Eliade de campo de estudo da hierofanía, intervención destinada a fundar e revelar un espazo sagrado sobre o espazo profano circundante, homoxéneo, sen forma nin estrutura. Para Eliade o cosmos constitúese como porción de espazo subtraído do caos, mais para iso será preciso conceder unha compensación. Non faltan textos nos que se chantan na terra un dragón ou unha serpe adormecida, quedando o espírito do lugar encantado nos cimentos da construción humana, protexéndoa. Mais a compensación pola cesión do espazo tamén pode esixir un sacrificio de vida humana, real ou figurada.

O *vóda Negro* elixe precisamente un espazo xa marcado por vestixios dunha presenza humana arruinada, un sitio no que se erguen vellas paredes sen terminar. As versións europeas da lenda contan xeralmente cómo un edificio público que se está a construír (igreja, torre, ponte, mosteiro ou convento) cae polas noites. Para garantir a súa erección impónse a necesidade dun sacrificio humano, o emparedamento nos cimentos dunha muller, dun neno ou dun obxecto no sitio da persoa sacrificada.

O propio Frazer glosaba a actividade dos *vendedores das sombras* de xacando, que ofrecían para a

consagración do monumento as medidas das sombras da xente. Diciase que o dono da sombra esmorecía a medida que se erguía a obra. Noutros continentes os sacrificios humanos, reais ou figurados, transcorren baixo da primeira pedra ou do primeiro poste da casa, mentres que en Galicia, como temos observado, os costumes substitutivos dos emparedamentos humanos poden consistir en inserir no cemento das chemineas ou dos contadores da luz algunha boneca de goma, ou a súa cabeza.

O tema do sacrificio humano para garantir a perennidade do edificio serviu de motivo en textos considerados fundadores de tradicións enteiras. Así, nos lindeiros do noso imaxinario queda a tentativa de sacrificio de Merlín cando neno, para que se teña de pé a torre coa que Vertigier se quería protexer de Pandragón e Uter. Aínda máis preto de nós, no lugar de San Pedro de Bogo, no nordeste galego, os habitantes presentiron como excepcionais na súa paisaxe unha tríade de elementos da arquitectura sobre a que circularon cántigas: un arco, un castro e unha casa. Un díxamo curso ilústranos de xeito parecido sobre a autoría de tres edificios no sur da Illa: obras civís (a ponte sobre o Rizzanese) e relixiosas (a igrexa de Sorbollano e o campanario de Carbini). Postos un ó par do outro os dous textos amigan facilmente:

Tres cousas hai en San Pedro  
que non as hai en Europa:  
o portal, as Coroas  
e o convento de Carlota.

Tres cousas hai en Córsega  
que nos deixou Maternatu:  
Rizzanese, Sorbollano,  
o campanario Carbini.

A cántiga corsa fai referencia á lenda tal como chegou ó Mediterráneo occidental: un albanel chamado Maternatu está a punto de ser sacrificado polos habitantes da aldea de Carbini cando está a rematar a construción do campanario, pois cómpre que morra o construtor para impedir que algures se erga outro campanario máis grande.

Sen embargo o sueste europeo, ademais de Turquía, é a área na que esta lenda se desenvolveu plenamente en forma de texto literario, botándose fóra dos límites da historia local. A canónica versión alecsandriana do *Mosteiro de Argeş* forma logo parte dunha gran rede de variantes.

A construción pode ser unha ponte como en Grecia (a ponte de Arta) ou en Bulgaria, unha fortaleza como en Serbia, tamén Bulgaria ou Albania, ou entre os húngaros de Transilvania (para quen Clemens construíu o castelo de Deva). En moitas versións de Bulgaria, Serbia ou Bosnia e Hercegovina a sacrificada pide que lle deixen un peito de fóra para seguir dando leite ó seu fillo. O mito serve de argumento en obras de autores como Nikos Kazantzaki ou Ivo Ándrich, coa que obtivo o premio Nobel de literatura en 1961, e ten aínda o estraño poder de influír na actualidade e na historia máis contemporánea: unha das variantes concirne

precisamente a ponte histórica de Mostar sobre o río Neretva, construída, dinos a lenda, grazas ó emparedamento dunha muller xitana. Hoxe reconstruíuse esa ponte derrubada pola recente guerra nos Balcáns, despois de moita dialéctica arredor da transgresión que supuña esa volta ó caos inicial. Hai ben pouco, sobre as laxes de mármore branco da anovada ponte os canteiros turcos ritualizaron o remate da construción co sacrificio dunha ovella.

Mais entre todas as versións destacan as romanesas polo feito de a lenda tecer a súa propia rede onomástica de norte ó sur do país: o mestre Siminic no Maramureş ou o mestre Constantin nun mosteiro na beira do Danubio.

O río Argeş dá nome á vila da que procede a lenda de mestre Manole. Curtea de Argeş converteuse na primeira capital do reino medieval de Valaquia, sendo Valaquia –da que a etimoloxía adoita ser asociada á da nosa Galicia– un dos países que xunto con Transilvania e Moldavia compoñen o actual estado romanés. Curtea atópase nos pregos meridionais dos Cárpatos, no remate da chaira valaca, apenas a catro leguas da fortaleza caída de Poienari, na que aconteceu o suicidio da muller de Vlad Țepeş, aquel personaxe que alimentou as crónicas co nome de Dracula.

O príncipe Voda do texto, canto a el, procede da etimoloxía popular de Neagoe Voda (o *vóda* Neagoe), que se transformou en Negru Voda (o *vóda* Negro). Precisamente é *vóda* un dos dous préstamos de etimoloxía eslava que abrollan na versión en galego, sendo *vóda* o título que recibían os reis e príncipes dos países romaneses, e do que existe a forma plena máis antiga, "voievod". A outra voz é *boieiro*, substantivo masculino do romanés "boier", terratenente membro da nobreza feudal romana.

Quen hoxe visite o lugar do mosteiro descubrirá a interesante dualidade entre a fonte e o edificio resultante da súa cristianización. O mosteiro de Curtea de Argeş é unha catedral fundada en 1514 por Negoe Basarab, algúns anos antes de que Dobromir pintase os frescos do interior. O tempo e un tremor de terra destruíron parte do templo que foi restaurado no século XIX –cónstanos que sen mediar sacrificios– por Lecomte du Nouÿ e Nicolae Gabrilescu. Máis abaixo atópase a fonte con tres canos do mestre Manole, tan venerado mestre construtor como o é o mestre Mateo. A fermosa construción de cal branca érguese lonxe da igrexa, lembrándonos que a relación entre os lugares é poética á vez que política, e que Manole, ó se precipitar dende a cuberta, voou como voa a semente do tileiro.

**Mănăstirea Argeşului**

**A balada do mestre Manole**

I

Pe Argeș în jos,

Pe un mal frumos,

Negru-vodă trece

Cu tovarăși zece,

Nouă meșteri mari,

Calfe și zidari,

Și Manole, zece,

Care-i și întrece.

Merg cu toți pe cale

Să aleagă-n vale

Loc de mănăstire

Și de pomenire.

Iată, cum mergeau

Că-n drum ajungeau

Pe-un biet ciobănaș

Din fluier doinaș,

Și cum îl vedea

Domnul îi zicea:

“Mândre ciobănaș,

Din fluier doinaș!

Pe Argeș în sus

I

Polo Argeș abaixo,

pola beira fermosa

vai o vóda negro

con dez compañeiros:

Nove grandes mestres

peóns e albaneis

e con Manole dez,

de todos o mellor.

Van polo camiño,

buscan polo vale

lugar de mosteiro

para a lembranza.

Así como viñan,

ó andar atopan

un pastor coitado,

a tocar no chifro.

Dende que pareceu

díxolle o vóda:

— Oi pastor, ti, rapaz

que tocas no chifro,

polo Argeș arriba

Cu turma te-ai dus,	canda teu rabaño,
Pe Argeş în jos	polo Argeş abaixo
Cu turma ai fost.	xunto coas ovellas,
Nu cumva-ai văzut	acaso non vires
Pe unde-ai trecut	por onde andares
Un zid părăsit	un muro caído,
Şi neisprăvit	tamén sen remate,
La loc de grindiş	lugar de esteos,
La verde-aluniş?”	verdes abelairas? —
“Ba, doamne, -am văzut	— Oi, si meu señor vin
Pe unde-am trecut	onde teño ido
Un zid părăsit	un muro caído,
Şi neisprăvit.	tamén sen remate.
Câinii cum îl văd,	Nada máis con velo
La el se repăd	os cans tírans' a el,
Şi latră-a pustiu	ladran á ruína,
Şi urlă-a mortiu.”	ouvean a morte. —
Cât îl auzea,	Así como falou
Domnu-nveselea	o vóda aledou,
Şi curând pleca,	e correndo marcha
Spre zid apuca	onde a parede
Cu nouă zidari,	cos nove albaneis,

Nouă meșteri mari	nove grandes mestres,
Și Manole zece	e con Manole dez,
Care-i și întrece.	de todos o mellor.
“Iată zidul meu!	— Aives o meu muro!
Aici aleg eu	Aquí elixo eu
Loc de mănăstire	lugar de mosteiro
Și de pomenire.	para a lembranza.
Deci voi, meșteri mari,	E vós, grandes mestres
Calfe și zidari,	peóns e albaneis,
Curând vă siliți	axiña con afán
Lucrul de-l porniți,	encomezádeme:
Ca să-mi ridicați,	que se me erguedes
Aici să-mi durați	aquí e facedes
Mănăstire naltă	un mosteiro alto
Cum n-a mai fost altă,	como xamais houbo,
Că v-oi da averi,	dareivos riquezas,
V-oi face boieri,	fareivos boieiros.
Iar de nu, apoi	Mais se non, daquela,
V-oi zidi pe voi,	emparedareivos,
V-oi zidi de vii	pechareivos vivos
Chiar în temelii!”	nos mesmos cimentos. —

II

Meşterii grăbeau,  
Sferile-ntindeau,  
Locul măsurau,  
Şanţuri largi săpau,  
Şi mereu lucrau,  
Zidul ridicau,  
Dar orice lucra  
Noaptea se surpa!  
A doua zi iar,  
A treia zi iar,  
A patra zi iar  
Lucrau în zadar!  
Domnul se mira  
Ş-apoi îi mustra,  
Ş-apoi se-ncrunta  
Şi-i ameninţa  
Să-i puie de vii  
Chiar în temelii!  
Meşterii cei mari,  
Calfe şi zidari,

II

Bulían os mestres,  
tensaban as cordas,  
medían o lugar,  
abrían os foxos,  
obraban arreo,  
erguían o muro.  
Pero cada obra  
pola noite cae.  
E deloutro día,  
o terceiro día,  
e o cuarto día,  
de nada servía.  
Abrías'o vóda,  
enfádase logo.  
Daquela rífaos  
e ameázaos  
con emparedalos  
vivos nos cimentos.  
Os grandes artesáns  
albaneis e peóns



Tremurau lucrând,	na faena tremen,
Lucrau tremurând	tremelan no labor,
Zi lungă de vară	días longos de vrao
Ziua pân-în seară,	ata caer o sol.
Iar Manole sta,	Mais Manole para,
Nici că mai lucra,	xa máis non traballa:
Ci mi se culca	e ó se ir deitar
Și un vis visa,	vénselle un soño
Apoi se scula	e logo érguese,
Ș-astfel cuvânta:	fala deste xeito:
“Nouă meșteri mari,	— Nove grandes mestres
Calfe și zidari!	peóns e albaneis,
Știți ce am visat	sabede qué soñei
De când m-am culcat?	cando me fun deitar:
O șoapta de sus	Do ceo, unha voz
Aievea mi-a spus	díxome ben claro
Că orice-am lucra	que canto fagamos
Noaptea s-a surpa	ha caer de noite,
Pân-om hotărî	ata decidirmos
În zid de-a zidi	meter na parede
Cea-ntâi soțioară,	a primeira muller,
Cea-ntâi surioară	a primeira irmá

Care s-a ivi	que chegue onda nós
Mâini în zori de zi	pola mañanciña,
Aducând bucate	traendo comida
La soț ori la frate.	ó home, ó irmán.
Deci dacă vroiți	Se voso desexo
Ca să isprăviți	é dar rematado
Sfânta mănăstire	o santo mosteiro
Pentru pomenire,	para a lembranza,
Noi să ne-apucăm	comprometámonos
Cu toți să jurăm	e coliguémonos,
Și sa ne legăm	todos nós xuremos
Taina s-o păstrăm:	gardar o secreto
Ș-orice soțioară,	de sacrificarmos,
Orice surioară	de emparedarmos
Mâini în zor de zi	a muller aquela,
întâi s-a ivi,	a irmá aquela
Pe ea s-o jertfim	que á mañanciña
în zid s-o zidim!"	chegue xunto a nós. —

III

Iată-n zori de zi

III

Érguese Manole

Manea se trezi,	ó raiar o día,
Ș-apoi se sui	e axiña sobe
Pe grad de nuiete	sebeiro arriba.
Și mai sus, pe schele,	Desde a estada
Și-n câmp se uita,	dexerga o monte,
Drumul cerceta.	olla o camiño;
Când, vai! Ce zărea?	cando, que aí vén?
Cine că venea?	quen por aí chega?
Soțioara lui,	É a súa muller,
Floarea câmpului!	súa flor do monte.
Ea s-apropia	Ela achégase,
Și îi aducea	leva canda ela
Prânz de mâncătură,	comida do xantar
Vin de băutură.	viño para beber.
Cât el o zărea,	Cando viu pra ela
Inima-i sărea,	o corazón saltou,
În genunchi cădea	caeu de xeonllos,
Și plângând zicea:	chorando dicía:
“Dă, Doamne, pe lume	— Señor, que no mundo
O ploaie cu spume,	chova tal escuma,
Să facă pâraie,	rebenten os regos,
Să curgă șiroaie,	corran os torrentes,

Apele să crească,	e medren as augas,
Mândra să-mi oprească,	paren a amada,
S-o oprească-n vale	que a tornen do val,
S-o-ntoarcă din cale!”	desande camiño. —
Domnul se-ndura,	O Señor apiadou,
Ruga-i asculta,	os rogos atendeu
Norii aduna	as nubes achegou
Ceru-ntuneca	o ceo anoou;
Și curgea deodată	de súpeto caeu
Ploaie spumegată	chuvia escumosa
Ce face pâraie	que represa regos,
Și umflă șiroaie.	que enche torrentes.
Dar oricât cădea	Mais caia que caia
Mândra n-o oprea,	non se detén ela,
Ci ea tot venea,	senón que avanza
Și s-apropia.	ata onda eles.
Manea mi-o vedea,	Manole, de vela
Inima-i plângea,	chórallo corazón,
Și iar se-nchina,	e dálle por rezar
Și iar se ruga:	e dálle por rogar:
“Sufală, Doamne,-un vânt	— Sopra, Señor, aire
Sufală-l pe pământ,	pola terra, vento

Brazii să-i despoaie,	que ispa abetos
Paltini să îndoiaie,	e dobre pradairos,
Munții să răstoarne,	arrase lombeiros,
Mândra să-mi întoarne,	torne miña muller,
Să mi-o-ntoarne-n cale,	desande camiño,
S-o ducă de vale!”	abandone o val. —
Domnul se-ndura,	O Señor apiadou,
Ruga-i asculta	os rogos atendeu,
Și sufla un vânt	e soprou un vento,
Un vânt pe pământ	un vento na terra
Paltini că-ndoia,	que dobra pradairos,
Brazi că despoia	que ispe abetos,
Munții răsturna,	arrasa lombeiros.
Iară pe Ana	Mais Ana, a muller,
Nici c-o înturna!	nada a volvía,
Ea mereu venea,	e ela seguía,
Pe drum șovăia	encepelándose,
Și s-apropia	aproximándose,
Și amar de ea,	e ela, ai dela,
Iată c-ajungea!	velaquí chegaba!

IV

Meșterii cei mari

Calfe și zidari,

Mult înveselea

Dacă o vedea,

Iar Manea turba,

Mândra-și săruta,

În brațe-o lua,

Pe schele-o urca,

Pe zid o punea

Și, glumind, zicea:

“Stai, mândruța mea,

Nu te speria,

Că vrem să glumim

Și să te zidim!”

Ana se-ncredea

Și vesel râdea.

Iar Manea ofta

Și se apuca

Zidul de zidit,

Visul de-mpłinit.

Zidul se suia

IV

Os grandes artesáns,

peóns e albaneis,

moito alegraban

ó ver para ela;

Manole doído

bica a fermosa,

cóllea nos brazos,

pona na escada,

érguea no muro

e dille de broma:

— Quieta, miña nena,

non nos teñas medo:

querémosche xogar

a te emparedar. —

A muller críaos

e ría alegre.

Laiando Manole

foise e comezou

a erguer o muro,

a cumprir o soño.

O muro érguese

Și o cuprindea	e arrodéaa
Pân'la gleznișoare,	ata os noelos,
Pân'la pulpișoare.	o papo da perna.
Iar ea, vai de ea!	E ela, a pobre,
Nici că mai râdea,	ela xa non ría,
Și mereu zicea:	adoito dicía:
“Manole, Manole,	— Manole, Manole
Meștere Manole!	meu mestre Manole,
Ajungă-ți de șagă,	para xa coa broma,
Că nu-i bună, dragă.	que dá mala sorte.
Manole, Manole,	Manole, Manole
Meștere Manole!	meu mestre Manole:
Zidul rău mă strânge	o muro aperta,
Trupoșoru-mi frânge!”	esmaga meu corpo. —
Iar Manea tăcea	Calaba Manole,
Și mereu zidea.	e amontoaba
Zidul se suia	pedra sobre pedra,
Și o cuprindea	arodeábaa
Pân'la gleznișoare,	ata os noelos,
Pân'la pulpișoare,	o papo da perna,
Pân'la costișoare,	ata polas costas,
Pân'la țâțșoare.	ata polo peito.

Dar ea, vai de ea,	Mais, ela, ai dela,
Tot mereu plângea	sen parar de chorar
Și mereu zicea:	adoito dicía:
“Manole, Manole,	— Manole, Manole
Meștere Manole!	meu mestre Manole,
Zidul rău mă strânge,	o muro aperta,
Țâțșoara-mi plânge,	chórame o peito,
Copilașu-mi frânge!”	rómpesem' o neno! —
Manole turba	Manolo rabea,
Și mereu lucra.	traballa sen parar,
Zidul se suia	o muro érguese
Și o cuprindea	arrodeádoa
Pân'la costișoare,	ata as costelas,
Pân'la țâțșoare.	ata polo peito,
Pân'la buzișoare,	ata polos beizos,
Pân'la ochișori,	ata polo ollos,
Încât, vai de ea,	ata que, coitada,
Nu se mai vedea,	xa non aparece.
Ci se auzea	Pero polo muro
Din zid că zicea:	óena dicindo:
“Manole, Manole	— Manole, Manole
Meștere Manole!	meu mestre Manole,



Zidul rău mă strânge,                   o muro aperta,  
Viața mi se stinge!”                   váiseme a vida! —

V

V

Pe Argeș în jos                           Polo Argeș abaixo,  
Pe un mal frumos,                   pola beira fermosa  
Negru-vodă vine                   vén o negro vóda  
Ca să se închine                   para se inclinar  
La cea mănăstire,                   diante do mosteiro,  
Falnică zidire,                   obra imponente,  
Mănăstire naltă                   mosteiro tan alto  
Cum n-a mai fost altă.                   como non hai outro.  
Domnul o privea                   O señor mirouno  
Și se-nveselea                   todo compracido  
Și astfel grăia:                   e daquela dixo:  
“Voi, meșteri zidari,                   — Vós, mestres albaneis,  
Zece meșteri mari!                   dez grandes artesáns,  
Spuneți-mi cu drept,                   dicide verdade  
Cu mâna la piept,                   coa man no peito:  
De-aveți meșterie                   se tedes mestria  
Ca să-mi faceți mie                   para me construir

Altă mănăstire	un novo mosteiro
Pentru pomenire	para a lembranza,
Mult mai luminoasă	ben máis luminoso,
Și mult mai frumoasă!”	moito máis fermoso. —
Iar cei meșteri mari,	Eles, grandes mestres
Calfe și zidari,	peóns e albaneis,
Cum sta pe grindiș,	subidos ás vigas
Sus pe coperiș,	riba da cuberta,
Vesel se mândreau	gabábanse ledos
Ș-apoi răspundeau:	e foron contestar:
“Ca noi, meșteri mari,	— Igual ca nós, mestres
Calfe și zidari,	peóns e albaneis,
Alții nici că sânt	non haberá outros
Pe acest pământ!	no mundo inteiro.
Află că noi știm	Nosoutros habemos
Oricând să zidim	erguer, cando queira,
Altă mănăstire	un novo mosteiro
Pentru pomenire,	para a lembranza,
Mult mai luminoasă	ben máis luminoso,
Și mult mai frumoasă.”	moito máis fermoso. —
Domnu-i asculta	O señor escoita,
Și pe gânduri sta,	queda matinando

Apoi porunca	ata que ordena
Schelele să strice,	tirar a estada,
Scări să le ridice.	separar escadas;
Iar pe cei zidari,	así os albaneis,
Zece meşteri mari,	os dez grandes mestres
Să mi-i părăsească	son abandonados
Ca să putrezească	para podreceren
Colo pe grindiş,	aló polas vigas,
Sus pe coperiş.	sobre a cuberta.
Meşterii gândeau	Os mestres maxinan
Şi ei îşi făceau	e deciden facer
Aripi zburătoare	aas para voaren.
De şindrili uşoare,	Amecen táboas,
Apoi le-ntindeau	logo esténdenas,
Şi-n văzduh săreau	saltan ó baleiro.
Dar pe loc cădeau,	Pero onde caen,
Şi unde picau	alí onde baten
Trupu-şi despicau.	o corpo escachan.
Iar bietul Manole,	O pobre Manole,
Meşterul Manole,	o mestre Manole,
Când se încerca	ó se ir el tirar
De-a se arunca,	para o baleiro,

Iată c-auzea	velaí que sente
Din zid că ieşea	traspasar o muro
Un glas năduşit,	a voz afogada
Un glas mult iubit	a voz moi amada,
Care greu gemea	que triste laiaba,
Şi mereu zicea:	adoito dicía:
“Manole, Manole,	— Manole, Manole,
Meştere Manole!	meu mestre manole,
Zidul rău mă strânge,	o muro aperta,
Țâţsoara-mi plânge,	chórame o peito,
Copilaşu-mi frânge,	rómpesem' o neno,
Viaţa mi se stinge!”	váiseme a vida! —
Cum o auzea,	Despois de oíla
Manea se pierdea,	pérdese Manole,
Ochii-i se-nvelea,	vélansell'os ollos,
Lumea se-ntorcea,	o mundo desfaise,
Norii se-nvârtea,	as nubes reviran
Şi de pe grindiş,	e dende as vigas,
De pe coperiş,	dende a cuberta,
Mort bietul cădea!	pobre, cae morto.
Iar unde cădea,	Pero onde caeu
Ce se mai făcea?	daquela que xurdiu?

O fântâne lină,

Unha fonte lenta

Cu apa puțină,

con auga pouquiña,

Cu apă sărată

con auga salgada,

Cu lacrimi udată!

con bágoas mollada.